

## Calendarios académicos para o curso 2019/2020

Aprobados polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2019. Poden consultarse no enderezo web: [http://www.udc.es/ensino/calendario\\_academico/](http://www.udc.es/ensino/calendario_academico/)

### 1. CURSO ACADÉMICO

O curso académico 2019/2020 comprenderá desde o 9 de setembro de 2019 ata o 31 de agosto de 2020. Abarcará dous períodos lectivos que se organizan en dous cuadrimestres, conforme se indica no apartado 2 deste calendario. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os períodos sinalados neste calendario para a avaliación.

Consideraranse alumnos do curso académico 2019/2020 aqueles que deban ser avaliados das Prácticas/TFG/TFM en segunda oportunidade, cuxas actas se asinen e entreguen o 28 de setembro de 2020, conforme se establece neste calendario.

### 2. PERÍODOS LECTIVOS

As actividades académicas docentes comprenden os seguintes períodos lectivos:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 9 de setembro ao 20 de decembro de 2019

**Segundo cuadrimestre:** desde o 28 de xaneiro ao 15 de maio de 2020

Co fin de facilitar a planificación docente dos mestrados, e cando non precisen utilizar o período de avaliación, poderán iniciar as súas actividades docentes no mes de outubro e prolongalas ata o 24 de xaneiro. Neste caso o segundo cuadrimestre poderá comezar unha semana máis tarde. Para facer efectiva esta posibilidade os coordinadores dos mestrados deberán poñelo en coñecemento do Servizo de Organización Académica.

### 3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación, os/as estudantes de grao e máster terán dereito en cada curso académico a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en catro períodos:

Oportunidades	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Adianto de oportunidade</b>	Do 25 de novembro ao 13 de decembro de 2019 <sup>1</sup>	20 de decembro de 2019
<b>Materias do primeiro cuadrimestre</b>	Do 8 ao 24 de xaneiro de 2020	7 de febreiro de 2020
	TFG/ TFM, fixadas polos centros	6 de marzo de 2020
<b>Materias do segundo cuadrimestre e anuais</b>	Do 18 de maio ao 8 de xuño de 2020	19 de xuño de 2020
	TFG/ TFM, fixadas polos centros	6 de xullo de 2020
<b>2ª oportunidade</b>	Do 22 de xuño ao 17 xullo de 2020 <sup>2</sup>	24 de xullo de 2020
	Prácticas/ TFG/ TFM, fixadas polos centros	28 de setembro de 2020

<sup>1</sup> As datas de avaliación correspondentes ao "adianto de oportunidade" serán establecidas polos centros só no caso de existiren solicitudes.

<sup>2</sup> Os exames organizaranse de forma que se realicen primeiro aqueles correspondentes ás materias do primeiro cuadrimestre e a continuación os das materias do segundo cuadrimestre e/ou anuais.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	06/05/2019 13:22:23
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/2
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==">https://sede.udc.gal/services/validation/a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==</a>		



A matrícula e defensa do TFG e do TFM realizarase conforme ao disposto nos artigos 1º, 2º e 3º da Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM aprobada polo Consello de Goberno de 19 de decembro de 2013 e as súas posteriores modificacións.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans de estudo interromperanse desde o día 21 de decembro de 2019 ata o día 7 de xaneiro de 2020 (ambos os dous incluídos); os días 24 e 25 de febreiro de 2020 e desde o día 6 ao día 13 de abril de 2020 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 27 de xaneiro de 2020 polo traslado da festividade do Día da Universidade. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o día da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade da Universidade coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día anterior ou o seguinte lectivo.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do **30 de abril de 2019**

O secretario xeral  
Carlos Aymerich Cano

Código Seguro De Verificación	a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano	Asinado	06/05/2019 13:22:23
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==">https://sede.udc.gal/services/validation/a/k3p/h4cKntOtNDPrtcVA==</a>		

